"MIÑO"

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2017

REUNIONS

Leváronse durante o ano unha serie de reunións cos responsables políticos das distintas administracións, para explicarlle os nosos obxectivos e reivindicacións:

Reunións Concello:

- **XAN-2017.-** Solicitase audiencia co Alcalde o día 9 de decembro de 2016, celebrase o día 31 de xaneiro de 2017 as 17:30:00 horas na Alcaldía, asisten:

  Concello: Alcalde, Concelleiros de: Participación Cidadá, Urbanismo e Infraestruturas.
  Agrupación: Lorinda Fernández, Manuel Solveira, José Manuel García, Manuel Fernández, Sara Rial, Florencio e Rafael Mosquera, na que se tratan os seguintes temas:

  - **PXOM.-** Tal e como se quedara na reunión do outono pasado, sobre este tema, queremos saber como se encontra o plan a día de oxe sobre as dúas petición que lle fixemos o grupo de goberno.
    Contestásenos que con respecto o compromiso de converter en solo urbano o máximo que a lei permita, que aínda non lles entregou o equipo redactor a modificación, que ata que lles paguen non a entregan, que tan pronto o teñan ensinaránnolos. Con respecto o compromiso de que ningunha vivenda con licenza quede fora de ordenación, contestásenos que coa nova redacción da lei do solo non quedan fora de ordenación.

  - **Plan de obras.-** Trasladáselle o Alcalde a nosa inquietude sobre o plan de obras aprobado en novembro de 2016, con respecto o cumprimento dos prazos e a necesidade de crear unha canle de información directo, para estar o corrente de cómo avanzan as obras.
    Contestásenos que con respecto o primeiro punto que as obras seguen o plan previsto, as menores xa están adxudicadas a espera do transvase de caixa para comezar (marzo-abril) e as maiores están elaborando os proxectos para presentalos no mes de xuño.

  - **Bases subvencións participación e Cultura.-** Debido o tempo transcorrido dende a última reunión, na que se nos dixo que se ia proceder a convocar unha reunión con tódalas asociacións para explicarnos o borrador das distintas subvencións, que nunca sucedeu, dende esta Agrupación solicitámoslle unha reunión cos Concelleiros de Participación e Cultura, coa presenza de técnicos para buscar a formula para participar la elaboración do borrador das bases de subvencións de Participación e Cultura.
    Contestásenos que solicitemos a reunión para ver o que se pode facer sobre o tema.

  - **Declaración de utilidade pública.-** Levamos esperando mais de tres anos por esta declaración, que creemos nos beneficia a todos e o igual que no punto anterior tamén solicitamos unha reunión co Concelleiro de Participación e cos técnicos que se precisen, para desatrancar o proceso.
    Contestásenos que solicitemos a reunión para ver o que se pode facer sobre o tema.

  - **Taxas por ocupación de espazos e edificios municipais.-** Visto o que esta sucedendo, que o Concello esta cobrando taxas por ocupación de espazos públicos as asociacións sen animo de lucro, recordarlle o Alcalde o seu compromiso asumido o 1 de outubro de 2016, de non cobra taxas as asociacións mentres non este arranxado a declaración de utilidade publica e a reforma da ordenanza de taxas.
    Contestásenos, que na reunión que teñamos cos Concelleiros de Participación e Cultura se trataría ese tema.

- **XUN-2017.-** Solicitase audiencia co Alcalde o día 19 de maio, celebrase o día 12 de xuño as 17:00 horas na Alcaldía, asisten:

  Concello: Alcalde, Concelleiros de Infraestruturas e Participación.
  Agrupación: Lorinda Fernández, Manuel Solveira, José Manuel García, Manuel Fernández, Florencio Rodríguez, Francisco García, Sara Rial, Rafael Mosquera, na que se tratan os seguintes temas:

  - **Plan de Obras.-** Como continuación a reunión mantida en xaneiro, queremos saber a situación na que se atopan as distintas obras, (cales están adxudicadas, cales están en proceso, etc).; **contestásenos:**
    - **Que se incluíu a Deputación no cofinanzamento dalgunhas obras para que se podan executar ata decembro de 2018.**
    - **Quedaron fora do plan 7 obras por diversos motivos, o mais importante é que os terreos non eran de titularidade municipal.**
    - **Están en fase de adxudicación 21 obras, que se empezarán a realizar con carácter inmediato.**
    - **As obras que necesitan proxecto están en fase de redacción do mesmo e todas elas serán adxudicadas antes do 31 de decembro de 2017.**
    - **Irásenos informando puntualmente da situación de cada obra.**

  - **Modificación de crédito.-** Debido a tardanza do presuposto que cremos non se vai aprobar e para que non pase o do ano pasado que se aprobou a modificación no mes de novembro e que aínda nos falta por cobrar o 30% do convenio, sería necesario levar a pleno antes do verán unha modificación de crédito para asinar os distintos convenios o mais pronto posible, **contestásenos que se mirará para levar dita modificación a pleno.**

  - **Participación na elaboración das bases para as subvencións.-** Visto o que esta a acontecer coas subvencións do ano 2016 que a data de oxe ainda non cobramos e coas do ano 2017 que ainda non sairon publicadas as bases, solicitamos que con respecto as do ano 2016 se abonen urxentemente, con respecto as do 2017 se publiquen de forma inmediata co formato que se utilizou no ano 2015 e con respecto as do ano 2018 e sucesivas, queremos participar na elaboración do borrador das mesmas porque cremos que somos parte fundamental e podemos aportar a que sexan mais sinxelas e transparentes, **contestásemos:**
    - **Con respecto o pago das subvencións correspondentes o ano 2016, daranse as ordes para que se axilice o seu cobro.**
    - **Con respecto as bases do 2017, tan pronto se cubran as plazas de xefe de servizo publicaranse co formato de 2015.**
    - **A partir de setembro facerase una comisión onde estaremos presentes representantes das dúas federacións/agrupacións para facer o borrador das bases para o ano 2018 e sucesivos.**

  - **Modificación da ordenanza de taxas.-** Visto os problemas que esta a dar o cobro de taxas as asociacións por ocupación e utilización de espazos e instalacións municipais, e crendo que por a labor social que desenrolamos temos o dereito de estar exentos do pago destas taxas, solicitamos a modificación da actual ordenanza, no sentido de que as asociacións declaradas de interese público municipal esteen exentas do pago de taxas por a ocupación e utilización de espazos e instalación municipais; **contestásenos que se solicitarán informes os técnicos municipais sobre a viabilidade desta modificación proposta e se é positivo levarase a pleno.**

  - **Modificación do regulamento de participación cidadá.-** Cremos que somos parte fundamental neste regulamento, de feito nos fomos que elaborou o borrador que posteriormente o grupo de goberno daquel entonces levou a pleno sen recibir ningún voto en contra; por iso se alguén ten que propoñer a súa modificación, eses somos nos, polo tanto comprometémonos a elaboración dun borrador coas modificacións consensuadas coas asociacións veciñais, para presentarllas os diferentes grupos políticos antes do mes de outubro, entre estas propostas irían as seguintes:

- Creación do consello social da cidade.
- Creación de distritos.
- Obrigacións e dereitos das asociacións declaradas de utilidade pública municipal.
- Intervencións no pleno.
- Audiencia pública.
- Consellos municipais.
- Xuntas de área.

- **AGO-2017.-** Solicitase audiencia co Alcalde o día 31 de xullo, celebrase o día 29 de agosto as 17:00 horas na Alcaldía, asisten:

  Concello: Alcalde, Concelleiros de Infraestruturas e Participación.
  Agrupación: Lorinda Fernández, Manuel Solveira, José Manuel García, Manuel Fernández, Florencio Rodríguez, Francisco García, Sara Rial, Rafael Mosquera, na que se tratan os seguintes temas:

  - **PXOM.-** Queremos saber se quedaron recollidas as nosas peticións, tanto da Agrupación coma as alegacións que presentaron cada una das asociación a través da Agrupación, as duas peticións mais importantes da Agrupación e que recollian o sentir maioritario das asociación integradas foron: Que ninguna vivenda con licenza municipal quedase fora de ordenación, **e que** o desenrrolo de solo rustico a urbano nos núcleos rurais fose o máximo que permita a lei. **Contestasenos que con respecto as vivendas fora de ordenación que moitas das que estaban ahora quedaban disconformes co plan e con respecto o segundo que se deron as ordes para que fose máximo que permite a lei.**
    Non se puderon comprobar estes extremos posto que aida non poderemos ver o plan ata finais do mes de novembro, unha vez que o vexan os grupos da oposición.

  - **Plan de Obras.-** Queremos saber que obras comezaron a realizarse despois da reunión de xuño e o estado no que se encontra o expediente daquelas que ainda non comezaron, para darle a máxima celeridade. **Explicousenos con todo detalle como estaba cada unha das 67 obras da primeira fase do plan, que as memorias se executarian todas, e se intentaría licitar o maior numero de proxectos antes do 31 de decembro.**

  - **Borrador convenio 2017.-** Despois de quedar na última reunión de levar a pleno unha modificación de crédito para pagar os distintos convenios coas distintas organizacións, comprobamos que no último pleno non se presentaron, queremos pedirle explicacións de cal foi o motivo, pois estamos no mes de agosto e ainda e ainda non asinamos o convenio e a única forma de asinalo e que estee aprobado o presuposto, algo imposible a estas alturas ou se realice unha modificación de crédito o igual que o ano pasado. **Contestousenos que se lebaria unha modificación de crédito o mais pronto posible.**

  - **Borrador bases de subvención para o 2018.-** Estamos case que no último trimestre do ano e ainda non sairon as bases de subvención de participación as de cultura sairo o 21 de xullo; para que non volva a suceder o deste ano nin o do ano pasado poisa inda non cobramos as subvencións do 2016, presentaremoslle o Alcalde un borrador das bases de subvención para o 2018. **Contestousenos que poderiamos participar na elaboración das futuras bases de subvención.**

  - **Borrador regulamento de participación Cidadá.-** Xa fai mais de duas décadas que se aprobou a lei de grandes cidade, a que o noso concello se acolleu voluntariamente o que sucede que os políticos solo desenrrolaron os puntos que a eles lle interesou, pero hai outros importantes coma a participación efectiva dos cidadans na vida municipal que ainda están sin desenrrolar: Consello social da cidade, consellos de distrito et., e outros nada claros: participación nas xuntas de area, nos consellos sectoriais, intervencións no pleno, audiencia pública, etc. Para dunha vez por todas contemos cun regulamento equiparable o de putras ciudades punteiras, presentaremos un borrador, primeiro na reunión o Alcalde e despois os demais grupos da oposición, porque en definitiva quen teñen que aprobalo son eles no pleno, pero creemos que quen ten que dar as ideas para elaboralo somos os veciños, pois o que non se pode facer e lexislar contra nos. **Contestousenos que se miraría.**

- **NOV-2017.-** Solicitase audiencia urxente co Alcalde o día 22 de novembro, celebrase o día 29 de novembro as 08:30 horas na Alcaldía, asisten:

  Concello: Alcalde, Concelleiros de Participación, Jefa de servicio de Participación.
  Agrupación: Lorinda Fernández, José Manuel García e Rafael Mosquera, na que se tratou un único tems:

  - **Subvencions 2017 asociacións.**- Pidenselle explicacións o Alcalde de cando se vai asinar o decreto das subvencións para as distintas asociación veciñais, posto que o día 1 de decembro remata o prazo para que as asociaciónjs xustitiquen, e ainda non teñen a notificación do concedido.

    Explicounos que non houbera acordo na xunta de valoración e que por eso se estaba a demorar o decreto de concesión, pero que ahora só faltaba a sinatura do interventor e que xa saia o decreto.
    O final todo mentiras, o interventor non asinou por discrepancias coa xefa de servicio de participación, co cal non se nos notificou a subvención que iamos a percibir e o prazo de xustificación xa pasou, co cal quedamos sin subvencións para o 2017. Tivemos unha asamblea o día 15 de decembro para ver que medidas a nivel colectivo tomamos contra esta inxustiza; Acordouse realizar unha concentración fronte o Concello o día 23 de xaneiro.

Reunións Deputación

- **NOV -2016.-** Solicitouse audiencia co Presidente o día 22 de setembro, celebrase o día 9 de novembro as 09:00 horas na sala de xuntas da Deputación, asisten :

  Deputación: Vicepresidente.
  Agrupación: Lorinda Fernández, José Manuel García, na que se tratan os seguintes temas:

  - **Subvencións as Federacións e Agrupacións.-** Expúxoselle o Sr. Vicepresidente a necesidade de aumentar a cantidade de subvención dos 50.000 euros actuais a 75.000 euros e de que as subvencións esteen concedidas antes do mes de xuño; contestounos:
    - Con respecto a subir a cantidade dos 50.00 a 75.000 euros, non debería haber moito problema que o ia intentar.
    - Con respecto o segundo, iste ano xa se aprobáronse o 4 de xuño.
  - **Subvencións as asociacións.-** Solicitase que con carácter xeral as subvencións estean concedidas antes do mes de xuño, que se aumente dos 150.000 os 200.000 euros a cantidade destinada as subvencións para actividades culturais e recreativas e baixar de 1.500 a 1.000 euros o importe minimo dos proxectos; Contestounos:
    - Con respecto a que as subvencións estean concedidas antes do mes de xuño, que non habería problema.
    - Con respecto a aumentar a cantidade destinada as subvencións para actividades culturais e recreativas, que o ia intentar.
    - Con respecto a baixar a cantidade minima dos proxectos a 1.000 euros, que se estudaría.

Reunións Subdelegacion do Goberno

Xun 2016.- Participapouse o día 27 na reunión semestral da xunta de seguridade local,
Dec 2016.- Participaparase o día 16 na reunión semestral da xunta de seguridade local,

ACTIVIDADES

Realizáronse unha serie de actividades organizadas para as asociacións de veciños do rural e periferia do Concello de Ourense, tendentes en primeiro lugar a facer piña entre nos a través de andainas, xogos, cursos e reunións de confraternización e en segundo lugar reivindicando e buscando solución os problemas que presenta na actualidade o rural e a periferia do noso concello, a través de audiencias cos responsables políticos das distintas administracións.

VIII Convivencia Veciñal: Celebrouse o dia 20 de maio, no recinto do campo da feira a partir das 13:30 horas, cunha participación superior a do ano anterior, o número de asistentes foi de 720 persoas, repartidas do seguinte forma: 644 de pago, 62 rapaces e 14 invitados, entre autoridades, concelleiros e medios de comunicación, asistiron concelleiros do grupo de goberno e da oposición.

O xantar comezou as 14:30 horas, o menú consistiu polbo a feira, carne o caldeiro, bica, viño e licores. As 16:30 horas tivemos a actuación dun grupo musical e procedeuse o sorteo de 3 xamóns, finalizamos pasadas as 18:00 horas.

As entradas cobráronse a 10 euros para os adultos e a 5 para os rapaces maiores de 10 anos, o remate do xantar regalóuselle un detalle a cada participantes consistente nun plato de barro, co anagrama da agrupación.

A convivencia foi subvencionada polo **Concello e Deputación de Ourense**.

VIII Andaina Veciñal: Realizouse o día 16 de setembro polas marxes do río Miño, coa participación de 240 persoas, entre adultos e nenos, os que se lle agasallou cun detalle consistente nunha gorra co anagrama da agrupación.

Deuse a saída as 11:00 horas,fixéronse dos percorridos distintos:
Curto de 7 kilometros, dirixido a persoas maiores e nenos, dende o Campo da Feira, Oira, pasarela de Oira, Parque Miño, pasarela centro comercial, A Chavasqueira e chegada o campo da feira.
Largo de 15 kilometros, dende o Campo da Feira, Oira, pasarela de Oira, Parque Miño, Outairiz, O Tinteiro, A Chavasqueira e chegada o Campo da Feira.

A andaina descorreu sen incidencias, bo tempo e temperatura agradable, chegando tódolos participantes a liña de meta; no percorrido houbo 2 puntos de avituallamento abicados en Outairiz e a pasarela de Oira, neles repartíronse auga e froita.

Unha vez terminada a andaina convidouse a tódolos participantes un almorzo campestre no propio Campo da Feira, a base de empanada, tortilla, xamón asado, queixo embutidos, viño cervexa e refrescos.

A Andaina foi subvencionada polo **Concello e Deputación de Ourense**.

Viaxe cultural: Realizouse o sábado día 2 de setembro, a vila de Poboa de Sanabria, para coñecer a súa riqueza cultural e paisaxística, saíuse as 8:30 horas en autocar dende os puntos que fixaron as asociacións participantes.

Realizamos unha parada de media hora para almorzar, as 11:00 horas chegamos a Sanabria, onde os participantes visitaron o castelo e a partir das 12:00 horas tempo libre para visitar a vila..

As 14:30 horas xantamos no restaurante Rio Castro, pola tarde visitamos os lagos de Sanabria e as 19:30 horas que emprendemos regreso os puntos de partida.

O número de asistentes foi de 245 persoas que colaboraron con 20 euros para pagar o xantar e as visitas. O viaxe foi subvencionado polo **Concello de Ourense**.

Xuntanza do Nadal Realizouse o día 4 de decembro no Liceo, Tratase de render homenaxe a unha persoa por asociación integrada, pola sua contribución o movemento veciñal, coa entrega dunha placa conmemorativa a actuación de María do Ceo e uns pinchos para despedir o ano.
Os actos foron subvencionadas polo **Concello e Deputación de Ourense**.

Curso de poda: A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran técnicas de poda en tódalas variedades de arbores frutais. a duración do mesmo foi de 13 horas.
Participantes: 30 alumnos, os que se dotou dunha carpeta coa documentación necesaria para o seguimento do curso.
Clases teóricas: Impartíronse na sede social pola academia "Rúa Nova, de 18:00 a 20:30 horas, os días 7, 9, 14 e 16 de febreiro.
Clase practica: Impartíronse nunha finca no pobo de Pedraio (Pereiro de Aguiar) de 16:30 a 19:30, o día 21 de febreiro, o desprazamento foi en autocar con saída da Alameda as 16:00, a finalización sorteáronse entre os alumnos 18 sérrochos e 22 tixeiras de poda.
Custo: O curso foi gratuíto, subvencionado polo **Concello de Ourense**.

Curso de informática: O obxectivo do mesmo e que os participantes adquiriran coñecementos e habilidade no manexo de word e excel, a duración do mesmo foi de 20 horas.
Participantes: 40 veciños distribuídos en 2 grupos de 20 alumnos.
Clases: Impartíronse na sede social pola academia "Rúa Nova".

- 1º curso.- martes e xoves, dende o día 7 de marzo ata o día 30 de marzo de 18:00 a 20:30 horas.
- 2º curso.- luns e mércores, dende o día 6 de marzo ata o día 29 de marzo de 18:00 a 20:30 horas.

Custo: O curso foi gratuíto, subvencionado polo **Concello e a Deputación de Ourense.**

1º Curso de enxerto.- A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran técnicas de enxerto en tódalas variedades de arbores frutais. a duración do mesmo foi de 10 horas.
Participantes: 30 alumnos, os que se dotou dunha carpeta coa documentación necesaria para o seguimento do curso.
Clases teórico-practicas: Impartíronse na sede social pola academia "Rúa Nova", de 18:00 a 20:30 horas, os días 23, e 28 de febreiro e 2 e 3 de marzo.
Custo: O curso foi gratuíto, subvencionado pola **Deputación de Ourense**.

Curso de fito sanitarios.- O obxectivo do mesmo e a obtención do carne de manipulador de produtos fitosanitarios que habilita para comprar como profesional ditos produtos; a duración do mesmo e de 25 horas lectivas (22 teórico practicas na aula + 3 practicas nun espazo exterior
Participantes: 20 veciños.
Clases: Impartíronse na sede social pola academia "Rúa Nova". Os martes e xoves de 18:00 a 20:30 horas, dende o día 18 de abril, ata o dia 18 de maio.
Custo: O importe do curso e de 74 euros, dos cales cada alumno so aportará 35, os 34 restantes abónaos a Agrupación, neste importe inclúen os tramites administrativos, pago de taxas para o dereito de exame e expedición do carne. O curso foi subvencionado pola **Deputación de Ourense.**

Curso de conservas: A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran coñecementos de preparación e envasado de conservas.
Participantes: 30 veciños.
Clases: Impartiuse na sede social pola academia "Rúa Nova" os días 29, 30 e 31 de marzo de 18:00 a 20:30, na sede social, cunha duración de 8 horas.
Custo: O curso foi gratuíto, subvencionado polo **Concello de Ourense**.

Curso de conservas: A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran coñecementos de preparación e envasado de conservas.

Participantes: 30 veciños.
Clases: Impartiuse na sede social pola academia "Rúa Nova" os días 29, 30 e 31 de marzo de 18:00 a 20:30, na sede social, cunha duración de 8 horas.
Custo: O curso foi gratuíto, subvencionado polo **Concello de Ourense**.

1º Curso de Arte Floral: A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran técnicas en arte floral.
Participantes: 30 veciños.
Clases: Impartiuse na sede social pola academia "Rúa Nova" os días 24 e 25, de marzo de 18:30 a 20:30, cunha duración de 8 horas.
Custo: O curso foi gratuíto, subvencionado polo **Concello de Ourense.**

2º Curso de Arte Floral: A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran técnicas en arte floral.
Participantes: 30 veciños.
Clases: Impartiuse na sede social pola academia "Rúa Nova" os días 19 e 20, de outubro de 18:00 a 20:00, cunha duración de 4 horas.
Custo: O curso foi gratuíto, subvencionado polo **Concello de Ourense**

2º Curso de Enxerto A finalidade do curso e que os participantes no mesmo adquiran técnicas de enxerto en tódalas variedades de arbores frutais. a duración do mesmo foi de 10 horas.
Participantes: 30 alumnos, os que se dotou dunha carpeta coa documentación necesaria para o seguimento do curso.
Clases teórico-practicas: Impartíronse na sede social pola academia "Rúa Nova", de 18:00 a 20:00 horas, dende o días 23, o 26 de outubro.
Custo: O curso foi gratuíto, subvencionado polo **Concello de Ourense.**

Charla sobre o PXOM.- Impartiuse na sede social o día 20 de novembro as 20:00 horas por tecnicos da empresa Xestinorte Galega SL, nela tratouse de dar solucións as vivendas que quedan fora de ordenación, sobre todo nas vias de comunicación que atravesan os núcleos do rural, foi subvencionada polo Concello de Ourense

PLAN ESTRATEXICO DE INVERSIÓNS

No ano 2011, elaborouse un plan de inversións para o rural e periferia do Concello de Ourense, onde cada asociación priorizou as súas necesidades reais para os próximos 4 anos, en infraestruturas (abastecemento, saneamento, depuración, infraestruturas deportivas, pavimentación, etc.), presentouse por rexistro o 21 de outubro.

En xuño do 2013, a petición da Agrupación, o grupo de goberno asumiu o compromiso de levar a cabo antes de final da lexislatura o plan de inversións presentado pola agrupación por un importe de 2 millóns de euros.

O 20 de febreiro de 2014, a petición do grupo de goberno volveuse a remitir un novo plan de inversións actualizado.En xuño deste ano reunímonos na Alcaldía e asumiuse o compromiso de investir ata final da lexislatura 2 millóns de euros en obras para o rural e a periferia.

No mes de outubro mantivemos reunións co PP e o BNG, para convencelos de que se astivesen no pleno de outubro na aprobación do plan de obras.

No pleno do mes de outubro de 2014, aprobouse o plan de obras por un importe de case 5 millóns de euros, dos cales 2 millóns foron para o rural.

AGRUPACIÓN AA.VV.
"MIÑO"

En novembro de 2015, chegouse o compromiso de que as obras do plan que quedaran fora por motivo da expiración do mesmo serían as primeiras en facerse cando se aprobara segundo plan de obras.

En xuño de 2016, presentáronse por parte da Federación Limiar e da Agrupación Miño unha serie de obras que reclamaron as asociacións veciñais, o grupo de goberno e o PSOE.

En Novembro de 2016 e despois de varias reunións co grupo de Goberno e co PSOE, conseguimos que se aprobara o segundo plan de obras por un importe de 21 millóns de euros para 157 obras no rural e na periferia do Concello; repartidos 12 millons para o ano 2017 e 8 millons para o 2018.

José Manuel García Casares, con D.N.I. número 34936024J, en calidade de secretario da Agrupación de AA.VV. do Rural e Periferia do Concello de Ourense Miño.

CERTIFICO:

Que a presente memoria de xestión, foi aprobada por unanimidade, en sesión ordinaria da Asemblea Xeral do dia 24 de Febreiro de 2018.

E para que así conste, asino o presente os vinte cinco días do mes de Febreiro de dous mil dezaoito.

Vº e Prace
A Presidenta

Asdo. Lorinda Fernández Faría

AGRUPACIÓN AA.VV. "MIÑO"